

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	7 de abril de 2022
Duración	Desde as 20:43 ata as 22:09 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	José Carlos López Campos
Secretaria	María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ



	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^{re} DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 18 DE MARZO DE 2022

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 18 de marzo de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 5070/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen informa que, con motivo da necesidade de tomar medidas para loitar contra o quecemento global e de incentivar a utilización de vehículo máis eficientes e menos contaminantes, preséntase esta proposta de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, en concreto o seu artigo 6 onde se regulan as bonificacións. A modificación consisten, esencialmente, en cambiar a bonificación existente polas seguintes:

- a) Do 75 por cento, durante os 5 anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, ao respecto dos vehículos máis eficientes, provistos do distintivo ambiental



0 emisiones, clasificados como: eléctricos de batería (BEV), eléctricos híbridos enchufables (PHEV), eléctricos de autonomía estendida (REEV) cunha autonomía mínima de 40 km, ou vehículos de pila de combustible.

b) Do 50 por cento, durante os 5 anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, ao respecto dos vehículos clasificados como: vehículos de gas licuado de petróleo (GLP), gas natural comprimido, gas natural licuado, hidróxeno, biometano, etanol, ou biodiesel.

c) Do 50 por cento, durante os 5 anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, ao respecto dos vehículos clasificados como: vehículos eléctricos enchufables con autonomía inferior a 40 km, ou híbridos non enchufables (HEV).

Aclara tamén, que estas bonificacións deberán solicitálas os suxeitos pasivos mediante instancia dirixida ao órgano competente, achegando, xunto ao permiso de circulación, a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías indicadas.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que esta bonificación chega moi tarde ao noso concello; así mesmo di que o artigo 5 desta ordenanza contempla unha bonificación do 100% para os vehículos de máis de 25 anos e que son os máis contaminantes, polo que considera que esta medida é máis que nada coméstica e que suporá para o Concello 6.743,00 euros menos en ingresos, polo non se vai a arruinar por esta modificación, sobre todo cando tan só hai 121 beneficiarios neste momento. Cre, ademais, que esta bonificación queda moi curta porque pérdese a oportunidade de baixar este imposto, o cal é o máis caro da nosa comarca, cun multiplicador do 1,26 sobre as táboas do mínimo legal, reflectindo a maneira demagóxica do Partido Popular de facer política fiscal, porque en Madrid piden a redución de impostos e rebaixas fiscais pero neste Pleno falan da débeda pública do Estado, o que non casa cunha maneira de facer política sería, ademais de non aplicar esa maneira de gobernar que predicán, de feito cando o grupo socialista solicitou unha redución do IBI nas parroquias o grupo de goberno votou en contra.

Continúa manifestando que considera que se perde unha oportunidade ao reformar este imposto para repartir mellor a carga fiscal, porque non é o mesmo un vehículo de traballo que un deportivo que supera os vinte cabalos fiscais, polo que deberíase aplicar tipos diferentes, sen embargo estanse a aplicar liñas fiscais iguais (26%) de xeito que as familias de rendas máis baixas pagan o mesmo que aquelas familias que se permiten vehículos de alta gama; ademais, tampouco se mira polo sector do transporte e que podería ter tipos diferenciados no multiplicador deste imposto.

Finalmente, di que o seu grupo votará a favor desta proposta porque calquera medida que se tome para fomentar a adquisición de vehículos con menos emisións beneficia a todos.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, para trasladar o voto a favor do seu grupo a esta proposta de modificación da Ordenanza fiscal do IMVTM por entender que é necesario loitar contra o impacto medioambiental, ao mesmo tempo que defende a bonificación existente para os vehículos de máis de 25 anos, porque considera que as persoas que os teñen é quizais por non ter capacidade económica para mercar un novo. Sen embargo quere salientar que deberíase promover o transporte público co fin de favorecer ás persoas con menos recursos e reducir o impacto contaminante dos vehículos; e, a este respecto, a pesares de que se acadou unirse ao transporte da área metropolitana de Santiago, segue sendo unha conta pendente co resto das cidades (Pontevedra, Vigo, Ourense, etc.) e dende o noso rural



á nosa vila.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para dicir que votará a favor desta proposta por considerar que é unha das poucas medida que se pode tomar polo Concello para respectar o medio ambiente, sen embargo advirte de que marca unha diferenza entre as persoas con menos recursos económicos e as que si gozan dunha economía fluída e que lle permitirán mercar vehículos eléctricos, híbridos, etc.; considerando que o que corresponde é unha progresividade de impostos atendendo aos ingresos das persoas.

Así mesmo, di que, se verdadeiramente queremos baixar as emisións de CO₂, teremos que apostar polo uso do servizo de transporte público, pero, mentres nos cheguemos a xestionar esta medida e poñela en práctica, haberá que apoiar esta proposta.

Pide a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco**, para agradecer á voceira de MOVETE por facer mención ao logro deste grupo de goberno de adhesión ao transporte metropolitano de Santiago de Compostela, prometendo que se traballará na súa mellora.

En canto ao asunto de que se está a tratar, di que na súa anterior explicación centrouse unicamente ao mesmo, e non se estende a outros temas sobre a fiscalizade do Estado, polo tanto, o fin desta bonificación é incentivar o cambio a vehículos menos contaminantes. En canto a que este Concello está no 100% de coeficiente, é certo, pero aínda así estamos na máis baixa de Galicia e, a pesares de que son necesarios os ingresos, este grupo de goberno segue dando unha presión axustada aos nosos cidadáns en contra da presión aos que os somete o estado.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para aclarar o dito polo voceiro socialista sobre que o PP quere baixar os impostos e que non suba a débeda pública, e, a este respecto, di que si baixan os impostos e a débeda entón hai que baixar o gasto e, ao mellor, hai que baixar o gasto non produtivo, asegurando que o Estado ten capacidade para baixalo, por exemplo reducindo os 22 ministerios (récord histórico na democracia española).

En relación do que se dicía sobre que non se miraba polo transporte público, lembra que os primeiros que tiveron unha manifestación en contra da xestión do goberno neste tema foi o Partido Socialista, polo que deberían reflexionar, considerando ruín que se intente trasladar este debate á administración local, cando esta é a que menos capacidade ten para a toma de decisións e que ten uns recursos mínimos para poder prestar este tipo de servizos, sendo esencialmente competencia do goberno central. Por outra banda, que o voceiro socialista diga o que dixo nesta sesión cando hoxe o goberno central negouse a unha baixada de impostos, deixa de manifesto a fortaleza política que ten como para defender a súa argumentación.

Aclara que este grupo de goberno está a manter os servizos públicos dende fai 10 anos sen aplicar nos impostos o incremento do IPC e que supón un enorme esforzo fiscal e orzamentario co fin de non trasladar esa carga á nosa cidadanía.

Di que non estamos ante un debate sobre a fiscalizade do Concello, senón ante un xesto de cara a transición e un paso de cara á loita contra a defensa do noso medio ambiente, así que, dentro das nosas posibilidades, estamos a bonificar a utilización dun transporte máis eficiente.

En canto á necesidade dun transporte público, lembra o esforzo deste grupo de goberno para acadar a adhesión ao transporte metropolitano de Santiago, e se seguirán loitando e traballando de cara de conciliar o transporte escolar co transporte privado para dar servizo ao noso rural, porque pensar en un transporte público para todo o noso rural suporía un custo que non soportaría a economía municipal, polo que é necesario recorrer a outros fondos que permitan aos



concellos buscar a maneira de acadar unha mobilidade máis xusta e sostible.

En canto ao reparto da carga fiscal, o grupo socialista falaba da progresividade no reparto dos impostos, sen embargo o goberno central impón unha bonificación no combustible do 20% independentemente da capacidade económica de cada cliente e do tipo de vehículo, polo que deixa claro o retrato de cada un.

Continúa dicindo que o que se está buscar con esta proposta é incentivar o cambio do parque móbil municipal e que, co paso dos anos, poidamos estar nun 100% de mobilidade eficiente e sostible, sendo unha medida dentro das posibles da nosa capacidade municipal, porque a quen lle corresponde aplicar outro tipo de medidas fiscais é o Estado, así que veremos que política terá o goberno socialista ao respecto, podendo optar por acaparar toda a capacidade recadadora para distribuír, ou ben baixar os impostos e que o diñeiro estea nos petos da cidadanía, estando ante os modelos progresista e liberal, tendo claro cal é o modelo do seu grupo de goberno e que se está a aplicar.

Finaliza a súa intervención dicindo que non estamos a debater medidas fiscais, senón unha modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica que permitirá sensibilizar á poboación ofrecendo unha vantaxe fiscal para aquelas persoas que opten por un vehículo respectuoso co medio ambiente, agradecendo o apoio dos grupos da oposición a esta iniciativa.

Intervén novamente o **Sr. López Bueno** para dicir, en relación sobre o manifestado polo Concelleiro delegado de Facenda sobre que o Concello da Estrada era un dos que menos presión fiscal ofrecía de Galicia, que se trata dunha media verdade porque, comparando con Concello de Porriño, aínda que ese exerza unha maior carga fiscal sobre a súa cidadanía, esta carga varía segundo a quen se lle cobre. Por outra banda, di que hai que ter en conta que A Estrada é un dos concellos de 1ª categoría con menor renda dispoñible, despois de pagamento de impostos, de toda Galicia. Así mesmo, di que hai que ter en conta que o Concello aumenta cada día a recadación fiscal e cada vez somos menos veciños e veciñas.

En canto á política fiscal en xeral, quere lembrar que cando o Partido Popular estivo no goberno central subiron todos os impostos dende o 2011 ao 2015, aínda que é certo que a finais do seu mandado recortou a carga fiscal.

No que respecta ao financiamento das entidades locais, di que é certo que estas están sometidas a un corsé fiscal, polo que ofrece o seu apoio para defender que estas teñan máis autonomía á hora de recadar impostos.

O **Sr. Alcalde** intervén novamente para dicir que, en materia fiscal, cada partido político ten unha forma de gobernar, analizando as políticas fiscais e dos modelos existentes, ao que xa fixo referencia na súa intervención anterior, entrando nunha crítica ao goberno central e reiterándose co dito anteriormente.

Non habendo máis intervencións sométese este asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Providencia da Alcaldía de data 10/11/2021, de inicio do expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 25/03/2022 para a modificación da nomeada Ordenanza fiscal.



Vistos os informes emitidos con data 28/03/2022 por Secretaría, Tesourería e Intervención, incorporados ao expediente.

Vistos os artigos 15 e seguintes e 95.6 a) e b) do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,

Visto o ditame adoptado pola Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 31/03/2022.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Modificar o artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, cuxo texto queda redactado como segue:

"Artigo 6.- Bonificacións

1. Gozarán dunha bonificación do 100 por cento na cota os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados dende a data da súa fabricación, tomándose como tal, se esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

Esta bonificación declararase de oficio pola Administración tributaria competente, de acordo coa información sobre a antigüidade do vehículo existente nos rexistros da Dirección Xeral de Tráfico.

2. Establécense as seguintes bonificacións en razón da incidencia dos vehículos no medio ambiente, atendendo ás características do motor e á clase de carburante que consten nos rexistros da Dirección Xeral de Tráfico:

a) Do 75 por cento, durante os 5 anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, ao respecto dos vehículos máis eficientes, provistos do distintivo ambiental 0 emisiones, clasificados como: eléctricos de batería (BEV), eléctricos híbridos enchufables (PHEV), eléctricos de autonomía estendida (REEV) cunha autonomía mínima de 40 km, ou vehículos de pila de combustible.

b) Do 50 por cento, durante os 5 anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, ao respecto dos vehículos clasificados como: vehículos de gas licuado de petróleo (GLP), gas natural comprimido, gas natural licuado, hidróxeno, biometano, etanol, ou biodiesel.

c) Do 50 por cento, durante os 5 anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, ao respecto dos vehículos clasificados como: vehículos eléctricos enchufables con autonomía inferior a 40 km, ou híbridos non enchufables (HEV).

As bonificacións deste apartado deberán solicitálas os suxeitos pasivos mediante instancia dirixida ao órgano competente, achegando, xunto ao permiso de circulación, a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalguna das categorías indicadas.

Os beneficios desta natureza solicitados antes de que a liquidación correspondente adquire firmeza concederanse con efectos do período impositivo en que se solicitaron, sempre que na data de devengo concorresen os requisitos legalmente esixibles para o seu desfrute.>>

A presente modificación comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2023.



Expediente 795/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen comeza explicando que esta proposta a tratar refírese á modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana ao abeiro do Real Decreto lei 26/2021, do 8 de novembro, que reformou o réxime xurídico do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana para axustalo ao mandato do Tribunal Constitucional de non gravar incrementos irrealis do valor dos terreos, obrigando ás entidades locais a adaptar as súas ordenanzas nos extremos modificados; así como de conformidade co artigo terceiro da Lei Orgánica 2/2022, do 21 de marzo, de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero, que engadiu un novo suposto de non suxeición aos do parágrafo 3 do artigo 104 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Intervén o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que estamos ante unha reforma necesaria; centrándose no tema das bonificacións, en concreto á adquisición mortis causa, considera razoable incluír na definición que serían susceptibles de bonificación aqueles parentes en liña recta aos efectos de utilizar os termos do Código Civil e así quedar recollida en termos legais toda a fórmula que se fai de ascendentes e descendentes. En canto ás porcentaxes de bonificacións que se recollen nesta modificación, di que versan sobre as características do inmovible, vivenda habitual 95% e non vivenda habitual 70% de bonificación, independentemente do valor das cotas a pagar, considerando que sería máis intelixente ter en conta a cota a pagar, é dicir, a variación do valor económicos deses bens, algo que se pode facer perfectamente ao dárselle ao Concello liberdade nese sentido, sen esquecer que non suporía unha carga de xestión inasimilable.

Manifesta que o seu grupo votará a favor desta proposta porque, ao fin e ao cabo, pódese modificar ao longo deste ano para incluír as súas peticións, xa que non entraría en vigor ata o ano 2023.

Pide a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para mostrar o seu voto a favor da bonificación do 95% no caso de vivenda habitual, sen embargo ten dúbidas no caso da bonificación do 75% para o resto dos casos por non corresponderse cun sistema impositivo progresivo, entendendo que o que máis ten debe pagar tamén máis, principio que non queda recollido nesta bonificación, polo que propuxo na Comisión Informativa a súa redución ao 50% sendo rexeitada polo grupo de goberno; sen embargo, debido a que esta modificación vai a ter un impacto favorable para a cidadanía estradense, vai a votar a favor desta proposta.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, lembrando que na previa sesión da Comisión Informativa abstívose na votación polos mesmos motivos que o argumentado pola voceira do grupo de MOVETE, ademais de parecerlle máis xusto a progresividade de impostos, neste caso sería viable a rebaixa da bonificación a medida de cantos



máis bens se contemplan.

De todos modos, di que votará a favor desta proposta de modificación ao entender que o 95% de bonificación que se contempla lle convence e, con respecto ao anterior, considera que se debería debater a proposta que fixo o grupo socialista.

Finaliza aconsellando que, para saber a quen lle corresponde e a quen non as bonificacións, debería recoller nas denominacións a de liña recta co fin de evitar calquera confusión.

Non habendo máis intervencións sométese este asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Providencia da Alcaldía de data 17/02/2022, de inicio do expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 25/03/2022 para a modificación da nomeada Ordenanza Fiscal.

Visto o Real Decreto lei 26/2021, do 8 de novembro, que reformou o réxime xurídico do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana para axustalo ao mandato do Tribunal Constitucional de non gravar incrementos irrealis do valor dos terreos, obrigando ás entidades locais a adaptar as súas ordenanzas nos extremos modificados,

Visto o artigo terceiro da Lei Orgánica 2/2022, do 21 de marzo, de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero, que engadiu un novo suposto de non suxeición aos do parágrafo 3 do artigo 104 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,

Vistos os informes emitidos con data 28/03/2022 por Secretaría, Tesourería e Intervención, incorporados ao expediente.

Vistos os artigos 15 e seguintes e 104 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,

Visto Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión celebrada o 31/03/2022.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Modificar a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA, cuxo texto queda redactado como segue:

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible do imposto o incremento do valor que experimenten os terreos de natureza urbana que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce limitativo do dominio sobre os referidos terreos.

2. Dan lugar á realización do feito impoñible:

a) Todo tipo de transmisión do dominio, sexa por actos inter vivos ou mortis causa, onerosos ou lucrativos.

b) Todo tipo de constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do



dominio, sexa por actos inter vivos ou mortis causa, onerosos ou lucrativos.

ARTIGO 2. TERREOS DE NATUREZA URBANA

1. Está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos considerados de natureza urbana para efectos do Imposto de Bens Inmóbles, con independencia de que estean ou non cualificados como tales no Catastro ou no padrón daquel.

2. Está, así mesmo, suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens clasificados como de características especiais para efectos do Imposto de Bens Inmóbles.

ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO

1. Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles.

2. Non están suxeitos a este imposto os supostos de achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ao seu favor e en pago delas se verifiquen, e transmisións que se fagan aos cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

3. Tampouco están suxeitos ao imposto os supostos de transmisión de bens entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

4. Non se devindicará o imposto nos supostos de transmisións ou achegas efectuadas a favor ou pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., ou polas entidades constituídas para cumprir co seu obxecto social aos fondos de activos bancarios, así como as que se produzan entre estes fondos, nos termos regulados no artigo 104.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

5. Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para iso, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión e achegar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, para estes efectos, as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 106 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, tomarase como valor de transmisión ou de adquisición do terreo, en cada caso, o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven as ditas operacións: o que conste no título que documente a operación, ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.



Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa chan e construción, tomarase como valor do chan para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de devindicación do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total, e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores, tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores para comparar anteriormente sinalados, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmoibles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de achegas ou transmisións de bens inmoibles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 3 do art. 104 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

6. Non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmoibles a título lucrativo en beneficio das fillas, fillos, menores ou persoas con discapacidade suxeitas a patria potestade, tutela ou con medidas de apoio para o adecuado exercicio da súa capacidade xurídica, cuxo exercicio se levase a cabo polas mulleres falecidas como consecuencia de violencia contra a muller, nos termos que se definan na lei ou nos instrumentos internacionais ratificados por España, cando estas transmisións lucrativas traian causa do referido falecemento.

ARTIGO 4. EXENCIÓNS

1. Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia dos seguintes actos:

- a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume.*
- b) As transmisións de bens que se encontren dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, ou fosen declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos devanditos inmoibles nos dez anos inmediatamente anteriores á devindicación do imposto.*

Para poder gozar desta exención, os suxeitos pasivos deberán solicitala de forma expresa no prazo de declaración do imposto, acreditando, mediante facturas ou certificacións de obra, un desembolso efectivo que iguale ou supere o valor catastral asignado ao inmovible no momento da devindicación do imposto.

Achegarán, ademais, a seguinte documentación:

- Licenza municipal ou orde de execución.*
- Copia da carta de pagamento das taxas da licenza da obra.*
- Copia da carta de pagamento do I.C.I.O.*
- Presuposto de execución material.*
- Certificado de final de obra.*

c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante deste, para a cancelación de



débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre esta, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, están exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención, requírese que a persoa debedora ou garante transmitinte ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se, con posterioridade, se comprobase o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que figure empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou dende o momento da adquisición se o dito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio. Para estes efectos, equiparase o matrimonio coa parella de feito legalmente inscrita.

2. Están exentos deste imposto os incrementos de valor cando a condición do suxeito pasivo recaia sobre:

a) O Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais ás que pertenza o Concello da Estrada, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das ditas Comunidade Autónoma e entidades locais.

b) O Concello de A Estrada e as demais entidades locais integradas ou nas que este se integre, así como as súas respectivas entidades de dereito público de carácter análogo aos organismos autónomos do Estado.

c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou de benéfico-docentes.

d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as mutualidades de previsión social reguladas na Lei 20/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) As persoas ou entidades titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos a estas.

f) A Cruz Vermella Española.

g) As persoas ou entidades a quen se teña recoñecido exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.

ARTIGO 5. BONIFICACIÓNS

1. Aplicarase unha bonificación do 95 % da cota íntegra do imposto aos suxeitos pasivos cando o feito impositivo consista na transmisión de dominio, constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce limitativo do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte, en relación coa vivenda habitual, a favor dos descendentes e adoptados, ascendentes e adoptantes e os cónxuxes. Esta bonificación é extensible ás análogas relacións de afectividade acreditadas co certificado expedido polo rexistro correspondente.

Entenderase por vivenda habitual aquela unidade urbana de uso residencial na que



reside habitualmente o causante á data da devindicación do imposto, presumíndose como tal aquela na que figure empadroado.

2. Aplicarase unha bonificación do 75 % da cota íntegra do imposto aos suxeitos pasivos cando o feito impositivo consista na transmisión de dominio, constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce limitativo do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte, en relación cos bens inmobles que non sexan vivenda habitual, a favor dos descendentes e adoptados, ascendentes e adoptantes e os cónxuxes. Esta bonificación é extensible ás análogas relacións de afectividade acreditadas co certificado expedido polo rexistro correspondente.

As bonificacións establecidas nos apartados 5.1 e 5.2, que teñen carácter rogado, poderán solicitarase dende a data de devindicación do imposto ata o remate do prazo de presentación da documentación referido no artigo 10 desta Ordenanza. Corresponde á Administración realizar de oficio a comprobación dos requisitos relativos ao empadramento.

3. Aplicarase unha bonificación do 95 % da cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio de terreos, sobre os que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas polo Pleno da Corporación de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

O suxeito pasivo interesado na devandita declaración deberá solicitala no prazo regulado no artigo 10 desta ordenanza. Unicamente no suposto de que o departamento municipal encargado da tramitación informe favorablemente a solicitude presentada, coa conformidade dos servizos técnicos oportunos, o expediente será elevado ao Pleno, que adoptará acordo co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

ARTIGO 6. SUXEITOS PASIVOS

1. É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:

a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquiera o terreo ou a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que transmita o terreo ou que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

2. Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, se o contribuínte é persoa física non residente en España, terá a consideración de substituto do contribuínte a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquiera o terreo ou a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.



ARTIGO 7. BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento da devindicación e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos.

Para determinar o importe dese incremento, sen prexuízo do disposto no artigo 107.5 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, multiplicarase o valor do terreo no momento da devindicación polo coeficiente que corresponda en función do número de anos durante os cales se xerese o dito incremento, conforme á táboa do Anexo desta ordenanza.

2. Para os efectos de determinar o período de xeración do incremento de valor, tomaranse tan só os anos completos transcorridos entre a data da anterior adquisición do terreo de que se trate, ou da constitución ou transmisión, igualmente anterior, dun dereito real de goce limitativo de dominio sobre este, e a produción do feito imponible deste imposto. No caso de que o período de xeración sexa inferior ao ano, ratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

3. Entenderase por valor do terreo no momento da devindicación:

a) Nas transmisións de terreos, o valor que teñan determinado no dito momento para efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

Non obstante, cando o dito valor sexa consecuencia dun relatorio de valores que non reflicta modificacións de plan aprobadas con posterioridade á aprobación do citado relatorio, liquidarase provisionalmente o imposto consonte aquel. Neste caso, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos que se obtivese conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data da devindicación. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corríxirase aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos para tal efecto nas leis de Presupostos Xerais do Estado. Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmoible de características especiais no momento da devindicación, non teña determinado o valor catastral no dito momento, o Concello practicará a liquidación cando o valor catastral sexa determinado, referindo este valor ao momento da devindicación. Establécese o coeficiente redutor do 0,85 sobre o valor sinalado nos parágrafos anteriores.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, será a parte do valor definido no apartado a) que resulte de aplicar as seguintes regras:

1ª. No caso de constituírse un dereito de usufruto temporal, o seu valor equivalerá a un 2% do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo sen que poida exceder do 70% de dito valor catastral.

2ª. Se o usufruto fose vitalicio, o seu valor, no caso de que o usufrutuario tivese menos de vinte anos, será equivalente ao 70 % do valor catastral do terreo, minorándose esta cantidade nun 1% por cada ano que exceda da dita idade, ata o límite mínimo do 10% do valor catastral.

3ª. Se o usufruto se establecese a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a trinta anos, considerarase como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria e o seu valor equivalerá ao 100% do valor catastral do terreo usufrutuado.



4ª. Cando se transmita un dereito de usufruto xa existente, as porcentaxes expresadas nas tres regras anteriores aplicaranse sobre o valor catastral do terreo no momento da transmisión.

5ª. Cando se transmita o dereito de núa propiedade o seu valor será igual á diferenza entre o valor catastral do terreo e o valor do usufruto, calculado segundo as regras anteriores.

6ª. O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar ao 75% do valor catastral dos terreos sobre os que se constitúan tales dereitos as regras correspondentes á valoración dos usufrutos temporais ou vitalicios, segundo os casos.

7ª. O valor dos dereitos reais de superficie será igual ao 100% do valor catastral dos terreos sobre os que se constituía tal dereito.

c) Na constitución ou transmisións do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a parte do valor definido no apartado a) anterior que represente, respecto do valor total do terreo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o valor que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas para construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

d) Na constitución ou transmisión de calquera outros dereitos reais de goce limitativos do dominio distintos dos enumerados neste artigo:

1. O resultado de capitalizar ao interese básico do Banco de España a súa renda ou pensión anual.

2. O prezo pactado na constitución, se fose maior.

e) Nos supostos de expropiación forzosa, a parte ou proporción de xustiprezo que corresponda ao valor do terreo, agás que o valor catastral fose inferior, en que prevalecerá este último.

4. Cando se modifiquen os valores catastrais a consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tomarase, como valor do terreo, ou da parte de este que corresponda segundo as regras contidas no apartado anterior, o importe que resulte de aplicar aos novos valores catastrais a redución que proceda dentro dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais, conforme ao seguinte cadro:

ano	% de redución
1º	60
2º	60
3º	40
4º	40
5º	40

Esta redución non se aplicará se os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva fosen inferiores aos ata entón vixentes, e o valor catastral reducido non poderá ser inferior ao valor catastral do terreo antes do dito procedemento.

5. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 104.5 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, se constatase que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base impoñible determinada conforme o disposto nos apartados anteriores deste artigo,



tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.

ARTIGO 8. COTA

1. A cota íntegra deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible o tipo do 20 por cento.

2. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra as bonificacións previstas no artigo 5 desta ordenanza.

ARTIGO 9. DEVINDICACIÓN

1. O imposto devindícase:

a) Cando se transmita a propiedade do terreo, sexa a título oneroso ou grauíto, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.

b) Cando se constituía ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre aquel, o suxeito pasivo terá dereito a devolución do imposto satisfeito, sempre que o dito acto ou contrato non lle tivese producido efectos lucrativos e reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme. Entenderase que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucíons a que se refire o artigo 1295 do Código Civil. Mesmo no caso de non producirse efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá dereito a devolución ningunha.

3. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das parte contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a avinza en acto de conciliación e a simple conformidade coa demanda.

4. Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa cualificación farase conforme ás prescricíons contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado 2 anterior.

ARTIGO 10. XESTIÓN.

1. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar ante este Concello a declaración, segundo o modelo establecido ao efecto, que conteña os elementos da relación tributaria imprescindibles para practicar a liquidación procedente.

Na devandita declaración, poderán optar por que a base imponible se determine conforme ao sinalado no artigo 107.5 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, achegando para isto a documentación esixida no artigo 104.5 do mesmo texto legal.



2. Os prazos para presentar as declaracións son os seguintes:

- a) Cando se trate de actos *inter vivos*, trinta días hábiles.
- b) Cando se trate de actos por causa de morte, seis meses, prorrogables ata un ano, a pedimento do suxeito pasivo.

3. Á declaración acompañaranse os documentos nos que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

4. As liquidacións do imposto notificaranse integramente aos suxeitos pasivos con indicación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.

ARTIGO 11. OBRIGAS DE PERSOAS DISTINTAS DO SUXEITO PASIVO

1. Están obrigados a comunicar ao Concello a realización do feito imponible, nos mesmos prazos que o suxeito pasivo:

- a) Nas transmisións e nas constituicións ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo *inter vivos*, o doador ou quen constituía ou transmita o dereito real de que se trate.
- b) Nas transmisións e nas constituicións ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso, o adquirente ou a persoa a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

2. Os notarios estarán obrigados a remitir ao Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de todos os documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir dentro do mesmo prazo, relación de documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles fosen presentados para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 12. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

No relativo ás infraccións e sancións tributarias, así como en todo o non previsto nesta ordenanza, será de aplicación a Ordenanza fiscal xeral do Concello, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 13.- XESTIÓN POR DELEGACIÓN

1. Se a xestión, a inspección e a recadación do imposto foron delegadas total ou parcialmente na Deputación Provincial de Pontevedra, as normas contidas nos artigos precedentes serán aplicables ás actuacións que lle corresponde realizar á Administración delegada, sempre que non contradigan o establecido na Ordenanza fiscal xeral desta última, xa que, nese caso, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia e economía, incluída a achega de documentación polos interesados regulada no artigo 28 da Lei 39/2015, prevalecerá o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria.



2. O órgano de xestión tributaria establecerá os circuítos administrativos máis adecuados para conseguir a colaboración das organizacións representativas dos suxeitos pasivos co fin de simplificar o cumprimento das obrigacións formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación e recadación.

3. Todas as actuacións de xestión e recadación que leve a cabo o órgano de xestión tributaria axustaranse ao previsto na normativa vixente, e, en particular, na ordenanza xeral de xestión, inspección e recadación aplicable aos procesos de xestión dos ingresos locais, a titularidade dos cales corresponde aos municipios da provincia de Pontevedra que delegaron o exercicio das súas competencias na Deputación Provincial.

DISPOSICIÓN FINAIS

No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o Texto refundido la Lei reguladora das Facendas Locais aprobado polo R. Decreto legislativo 2/2004, do 5 marzo; a Lei 58/2003, xeral tributaria, e a demais normativa aplicable.

A presente ordenanza modificada entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e manterase en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Contra a aprobación definitiva desta modificación poderase interpor ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A N E X O

Os coeficientes para aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación do imposto son os seguintes:

Período de xeración	coeficiente
Inferior a 1 ano	0,14
1 ano	0,13
2 anos	0,15
3 anos	0,16
4 anos	0,17
5 anos	0,17
6 anos	0,16
7 anos	0,12
8 anos	0,10
9 anos	0,09
10 anos	0,08
11 anos	0,08
12 anos	0,08
13 anos	0,08
14 anos	0,10
15 anos	0,12
16 anos	0,16
17 anos	0,20
18 anos	0,26





19 anos	0,36
20 anos	0,45"

Antes de pasar á parte de Actividade de Control o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos políticos municipais ten algunha moción de urxencia para ser tratada; non habendo continúaase coa orde do día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 1677/2022. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 2022-0434 DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2021

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 01/04/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-0434, do 1 de abril, polo que se aproba a Liquidación do Orzamento correspondente ao exercicio 2021.

Visto o informado pola Intervención municipal con data do 01/04/2022 sobre a tramitación do expediente de liquidación do orzamento e de conformidade co establecido no art. 90.2 do R.D. 500/1990 e 174.4 da L.R.F.L.

DÁSE CONTA:

Do Decreto da Alcaldía nº 2022-0434, de 1 de abril, de aprobación Liquidación do Orzamento correspondente ao exercicio 2021.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 28 DE FEBREIRO DE 2022 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS).

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 28 de febreiro de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-0203 ao número 2022-0284 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE MARZO DE 2022 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS).

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 31 de marzo de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o



número 2022-285 ao número 2022-0430 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda de rogos e pregunta o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen comeza trasladando os seguintes rogos:

- Que se solucione o problema de falta de visibilidade nas saídas dos garaxes sitos na Avda de Santiago.
- Que se proceda a dar solución as queixas sobre a limpeza dos contedores de lixo existentes no rural.
- Que se volvan a súa posición orixinal as xardineiras existentes na rúa Serafín Pazo, as cales foron movidas con motivo da pasada celebración da Festa do Motor.
- Reitera, así mesmo, que se proceda á reposición dunha táboa na fachada do edificio do MOME.
- Prega que se tomen medidas para solucionar o problema derivado da profundidade dos fosos onde están plantados as árbores na Avda. Benito Vigo, considerando que deberían sinalizarse e así evitar posibles accidentes.
- En relación co acordo ao que se chegou no seu momento sobre a celebración dunha xuntanza en relación aos parques eólicos proxectados no noso concello, informa que no día hoxe publicouse a relación de expropiacións con motivo do polígono do Outeiro e, por tal causa, pide que se convoque unha nova xuntanza para saber en que estado se atopa cada un dos proxectos, sobre todo o mencionado.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para, en primeiro lugar, sumarse á petición do voceiro socialista sobre a convocatoria dunha nova xuntanza para analizar o estado no que se atopan os proxectos dos parques eólicos que afectan ao noso concello.

En relación coas queixas da veciñanza da Avda da Torre pola existencia de maleza das partes traseiras das súas vivendas e que foron trasladadas a unha anterior sesión plenaria, pregunta se se lle foi notificada ás persoas propietarias das parcelas para que procedan ás súas limpeza.

A esta última pregunta, contesta o **Sr. Alcalde** que o departamento do Rural está notificando ás persoas propietarias destas fincas, pero quere aclarar que son miles de leiras e é moi difícil, pero, aínda que sexa por medio dunha petición pública, procederase a requirir a todas aquelas persoas que teñan fincas pendentes de limpeza a menos de 50 metros do núcleo urbano para que procedan ao seu arranxo en cumprimento da Lei de Incendios. Traslada, así mesmo, da existencia de problemas con algunhas fincas onde está resultando difícil identificar á persoa propietaria e, neste caso, a Lei esixe que sexa o Concello o que proceda á súa limpeza, pero aclara que estamos ante un procedemento dificultoso e moi longo en canto ao tempo de execución se refire.

Continúa a **Sra. Mar Blanco** manifestando a necesidade de proceder á sinalización do Camiño Miñoto ao seu paso pola Estrada, polo que insta ao Concello para que execute esta petición e así facer fácil o percorrido ás persoas que fan este camiño e non se perdan. Esta mesma petición a traslada ao Camiño



dos Arrieiros.

Traslada a queixa das persoas usuarias da Biblioteca municipal ante as apertura constante das fiestras deste edificio, dificultando o estudo nestas instalacións, polo que prega que, aínda que hai que ter unha certa ventilación, non se teñan abertas constantemente e se facilite aos estudantes o uso da Biblioteca.

Pregunta, a petición dos veciños da zona de Piñeiro da parroquia de Ribeira, se hai algún avance con respecto ao servizo e acceso a Internet.

Pregunta tamén se nos traballos da traída de augas de Tabeirós está incluído o lugar de Cimáns.

Contesta o **Sr. Alcalde**, en relación á traída de auga de Tabeirós, que existe unha relación de todas as persoas que manifestaron o seu interese de conectarse á traída (aproximadamente 400, entre Tabeirós e Nigoi), non sabendo, en concreto, se esa vivenda de Cimáns solicitou a conexión ou está nunha lista de reserva para conectarse nun futuro.

En canto á conexión de internet en Ribeira, estamos ante unha competencia de fibra óptica de Movistar e non do Concello, pero aclara que se lle trasladou a esta compañía a intención da veciñanza desta zona de conectarse a este servizo.

Con respecto ao Camiño Miñoto e aos da Geira e dos Arrieiros, informa que existe un proxecto piloto, validado pola oficina EDUSI e polo Ministerio, cunha inversión de 380.000,00 € por este Concello para a mellora, acondicionamento e creación de zonas de espacemento e sinalización deste camiños, proxecto que proximamente se licitará.

Intervén a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen comenza manifestando a necesidade de arranxar o vial PO-171 (que pasa por Souto de Veá), tanto do seu firme como de pintado do paso de peóns.

O **Sr. Alcalde** lle informa que está pendente da inclusión deste vial nun proxecto e, polo tanto, non se executará inmediatamente, sendo certo que hai un tramo (dende o paso de peóns ata o enlace coa estrada Portela-Souto de Veá) que está moi deteriorado, pero, como dixo, está pendente de incorporación a un proxecto.

A **Sra. Camba Castro** pensa que podíase haber incorporado ao actual proxecto de asfaltados, porque xa fai tempo que ese vial se atopa en mal estado.

Traslada a petición das persoas que pasean polos inmediacións da Praza da Feira para que se acondicione esta zona polo mal estado na que se atopa debido ás obras que se están a facer na nomeada Praza, supoñendo un risco para os viandantes.

Prega que se proceda a arranxar o vial que une os lugares de A Costa e A Torres (Guimarei), porque, a pesares de que recentemente foi bacheada, aínda se atopa en moi mal estado.

En canto a obra da traída de augas de Tabeirós - Nigoi, pregunta se hai data concreta para a súa execución.

A esta última pregunta, o **Sr. Alcalde** responde que a obra xa está adxudicada e que Augas de Galicia está a planificar o seu inicio e que se pretende que sexa para finais deste mes.

Continúa a **Sra. Camba Castro** trasladando a solicitude dos veciños e veciñas do lugar de Agrelo, parroquia de Rubín, para o subministro dun contedor amarelo e de elementos de suxeición dos contedores existentes; así mesmo piden que se inste a Fomento para a sinalización nesa zona cun límite de velocidade.

O **Sr. Alcalde** di que non ten coñecemento desa solicitude, pero verá a posibilidade de instar a fomento para que coloque ese límite de velocidade.



Por último, a **Sra. Camba Castro** informa que a sinalización das sendas verdes da lugar a confusión, polo que prega que se faga algo ao respecto. Tamén, en relación á senda verde que pasa por Aguíóns, hai un tramo que obriga a vadear o río co perigo que supón, polo que prega que se coloque algún tipo de sinalización de perigo, ou ben, que non se inclúa ese tramo.

Non habendo máis intervencións polos membros deste órgano, o **Sr. Alcalde** pregunta ao público presente na sesión se queren, en cumprimento do recollido no Regulamento de Participación Cidadá, formular algunha pregunta ou rogo.

Pide a palabra a **Sra. Balbina Martínez Ramallal** (DNI nº [REDACTED]) para dicir que o Alcalde dixo que non identificaba ás persoas propietarias de onde vive ela (Avda da Torre), preguntando se están esperando que se lle metan as ramas na cama, porque as ramas das árbores están enriba do patio e do tellado da súa vivenda.

O **Sr. Alcalde** lle informa que neste apartado de participación pública é para que se formule un rogo ou unha pregunta, polo que pide que concrete a súa pregunta.

A **Sra. Martínez Ramallal** tan só pide que fagan algo e que espabilen, salvo que estean esperando ao século que ben.

O **Sr. Alcalde** lle informa que se está a seguir o procedemento.

Di a **Sra. Martínez Ramallal**, con respecto ao carballo que dixo que había que protexer, que no PXOM, no catálogo de bens a protexer (Tomo 7), non consta.

O **Sr. Alcalde** comunica que nunca dixo que estaba protexido, senón que, no seu día, díxolle que os carballos era unha especie protexida, nunca se referiu a ese carballo en especial, tan só que para proceder á tala dun carballo necesitábase dun permiso especial de Medio Ambiente por ser unha especie protexida e que exista, ademais, un perigo real de que poida caer causando un dano á vía pública ou ás persoas, pero mentres non exista ese permiso tan só se pode proceder á súa poda, pero nunca dixo que tivera un especial valor; reitera que, para proceder coas accións que demanda existe un procedemento que hai que seguir, porque estamos falando dunha finca privada; de todos os xeitos, descoñece concretamente este tema, pero se interesará por este expediente e comprobará se se lle notificou á persoa propietaria para que procedera á limpeza da súa finca.

A **Sra. Martínez Ramallal** informa que na Avda da Torre existe pouca visibilidade á hora de saír dos aparcamentos debido a que alí aparcan os camións.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que comprobará si existe realmente ese problema porque é a primeira vez que ten noticia deste, en caso de que sexa certo será solucionado, pero recomenda que este tipo de reclamacións sexa presentada por escrito para facilitar a súa tramitación.

Interrompe o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para aconsellar que as peticións que se están a facer o fagan por escrito e por rexistro xeral de entrada co fin de que conste a súa presentación e se proceda abrir o procedemento correspondente.

Pide a palabra o concelleiro do grupo socialista **D. Luís Rendo Araujo**, que quere intervir en calidade de presidente da Asociación de Veciños de Oca, para trasladar unha serie de rogos:

- A colocación de aparellos de ximnasia xerontolóxica a carón do Centro de



Saúde de Oca ou do Centro Social.

- Se proceda a arranxar a pista que vai ao CEIP de Oca e tamén ao lugar de Vistalegre e que pasa por diante do Centro de Saúde, en concreto un tramo que dificulta o paso do transporte escolar, sobre todo o anaco diante do polideportivo.
- Se repoña todo o alumado público e se vixie algúns postes que están a iluminar leiras privadas.
- A sinalización do CEIP de Oca.

O **Sr. Alcalde**, con respecto á anterior intervención, informa que, no relativo ao proxecto de alumado público, tense acordado coa empresa a reposición de todas as luminarias, estean ou non en funcionamento, atopándonos coa sorpresa da existencia de luces de propiedades privadas que están conectadas ao alumado público, o que se está a corrixir; en canto aos postes que non están en funcionamento, haberá que estudar a súa necesidade ou non.

En canto á pista do CEIP de Oca, informa que estivo alí o aparelador municipal facendo as medicións dos proxectos, polo que se incorporará ao proxecto deste ano o asfaltado integral dese vial.

No referente á solicitude dos aparellos de ximnasia, di que existe unha mala experiencia coas súas instalacións ante a necesidade posterior do seu mantemento; ademais, naqueles lugares onde foron instalados non foron utilizados, sendo un gasto importante con pouca reversión; pero pode que en Oca funcione, así que se valorará.

No tema da sinalización do CEIP de Oca, lémbrale que estamos co proxecto de sinalización integral no rural a licitar neste ano.

Non habendo máis intervención procédese a levantar a sesión sendo as vinte e dúas horas nove minutos.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

